



INFORMACIÓN SOBRE O FUNCIONAMENTO DUNHA ANPA E AS ACTIVIDADES DURANTE O ANO ESCOLAR

¿QUE É UNHA ANPA?

É un colectivo de persoas asociadas, cunha preocupación principal que é defender os intereses dos pais, nais e titores do alumnado e saber e participar en todo o que atinxe á educación (Lei Orgánica 1/2002, reguladora do dereito de Asociación).

LEGALMENTE, COMO SE DENOMINA A UNHA ASOCIACIÓN?

PERSOA XURÍDICA (Art. 35 do Código Civil) Porque é unha Asociación constituída por socios, de interese social e recoñecida nun rexistro de sociedades.

QUE É A ASEMBLEA XERAL DA ANPA?

É o organismo de participación de todos os asociados/as da ANPA, que son convocados pola xunta directiva para decidir as actuacións que debe seguir a ANPA da cordo cos Estatutos e a lexislación vixente.

QUE DEBE APROBAR A ASEMBLEA XERAL DA ANPA?

Como mínimo os gastos e ingresos do exercicio, orzamentos para o vindeiro, cotas dos asociados/as e as directrices a seguir perante o exercicio dentro da lexislación vixente e os seus propios Estatutos; así como a elección e revocación da xunta directiva. Tamén pode renovar os Estatutos.

QUE É A XUNTA DIRECTIVA DA ANPA?

É o órgano de xestión e execución da ANPA, composta minimamente por un Presidente/a, Vicepresidente/a, Secretario/a e Tesoureiro/a e o resto dun número de vogais. As directrices están marcadas polo aprobado na Asemblea Xeral, os Estatutos da ANPA e lexislación vixente en cada momento.

QUE INTERESES DEFENDE UNHA ANPA?

Os das familias en todo o que ten relación co mundo da educación respecto ao alumnado.

COMO DEBEN ACTÚAR OS DIRIXENTES DAS ANPAS?

Na defensa dos intereses dos pais/nais e na procura de integrar a todos os nenos e nenas nas actividades que xestionemos ou organicemos. (entidades sen ánimo de lucro).

QUE FINS OU OBXECTIVOS PERSIGUE UNHA ANPA?

Somos entidades para a participación e colaboración no funcionamento dos Centros Educativos, a través dos órganos que lles son propios; debemos traballar tamén na consecución do establecido nos nosos propios Estatutos.

OBRIGAS DA ENTIDADE (ANPA)



- Informar aos afectados.
- Pedir o seu consentimento.
- Calidade e proporcionalidade dos datos(non pedir máis dos necesarios)
- Atención aos dereitos dos cidadáns.
- Deber de gardar segredo.
- Adopción de medidas de seguridade.

QUE FACEMOS NOS CASOS DE PAIS EN SITUACIÓN DE SEPARACIÓN OU DIVORCIO?

Ímonos ao Código Civil (arts. 156, 90 a), 92)

- a) Patria potestade compartida: poden acceder aos datos os dous proxenitores.
- b) No caso de que se alegue por algún deles a falta de patria potestade do outro, deberase acreditar a mesma coa copia da sentenza xudicial na que se determine esta situación.

ACTIVIDADES DURANTE O CURSO ESCOLAR

Os socios teñen os seguintes eventos que se organizan como:

Comedor durante o curso escolar.

As actividades que se oferten (deportivas, temáticas, de lecer etc..)

Festas e diversos eventos que se organizan.